

Amante Caride, xogador do equipo "Estrella".

Amante Caride Rodríguez, nado o 27 de xaneiro de 1900, no antigo Concello de Lavadores (Teis, Candean, Cabral, Lavadores, Bambrive, Beade, Valadares Zamáns), na mesma raía que separa as parroquias de Cabral e Lavadores (Santa Cristina). A vivenda familiar estaba situada dentro do que hoxe é a fábrica de Álvarez (Grupo de Empresas Álvarez), fronte á rúa San Caetano.

Persoa de vida innumerable; ferreiro, mecánico, campesiño, precursor do deporte en Cabral, presidente do Sindicato de Agricultores Productores de Cabral e grandísimo loitador, distinguíndose por enaltecer a realidade da súa parroquia e o nivel económico cultural e deportivo dos parroquianos desenvolvendo unha grandísima obra social sempre parella ó agrarismo.

O comezo no mundo laboral aí ser na forxa da ferrería que tiña o seu pai Manuel. Temos que ter en conta que en Cabral, facían do grao de millo, corenta muiños: isto facía que Cabral fora a parroquia do Concello de Lavadores con máis número de muiños, polo que os ferreiros tiñan unha grande actividade na elaboración e reparación dos aparellos do campo.

A consecuencia do influxo da cidade de Vigo e a progresiva desaparición da estrutura agraria da parroquia de Lavadores, vive o tránsito dunha sociedade de base agraria a outra de base industrial ou máis correctamente; de base mixta ou simbiótica. Esta circunstancia fai que Amante Caride sexa un obreiro-campesino.

O medio principal de vida atoparao na mecánica naval, no taller de Ruíz en Bouzas. Este taller, que aínda está en activo, está situado na alameda bóucense conservando o mesmo nome pero xa non pertence á familia Ruíz.

Anacos da vida dun loitador (1ª Parte)

Amante Caride Rodríguez 1900-1936

POR JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ ESTEVEZ

O caciquismo, fenómeno socio-político caracterizado polo exercicio do abuso do poder por parte de algúns no seu propio beneficio non é alleo no Concello de Lavadores, como en todos, pero neste polo nivel socio-político, económico e cultural dos seus cidadáns ten moita importancia a figura do alcalde no que se resumen tódolos tópicos neste cargo. Todo o poder está nas súas mans: impostos, multas, arrestos, etc. E por suposto o mangoneo das eleccións.

En Lavadores moitas veces teñen que pedi-la anulación das eleccións por considerar que hai defecto de forma e abuso de autoridade. Seguro que igual que nesta sociedade moderna e informatizada tamén votaban os mortos.

Todo isto irá sementando nas veciños un pouso de inxustiza que os vai levar cara á esquerda, aínda que non todos estean aliados.

"La verdadera unión de los agrarios de Lavadores, radicó en las luchas por conseguir unha representación en el Consejo Municipal, que nos tuviera a cubierto de los prejuicios que causaban a la masa agraria unha administración de favoritismos caciquiles, con sus correspondientes atropellos e desmanes, lo que se cortaron a la primera oposición que allí se puso."

Aquel caciquismo que tan duramente nos atropellaba cedíó poco a poco el terreno, llegando en las últimas elecciones al extremo de no oporter resistencia de ningún género"

(Rodríguez Álvarez, 1929)

O fenómeno caciquil e os ventos chegados aquel 17 de outubro de 1917, o impregnan dunha grande dose loitadora. Os acontecementos que se estaban a dar en Rusia abrían un futuro máis solidario coa esperanza de que a vida fora máis levadeira e de unha mellor calidade nunha época de moitas limitacións.

Amante, así o manifestaba a vox populi e a prensa escrita da época, é persoa de ideoloxía de esquerdas; adscrito ó Partido Comunista. Amante é un destacado membro do PC; son moitas as probas que o confirman como o proxecto de radio do Partido Comunista en Cabral, no que estaba inmerso, a viaxe a Rusia formando parte dunha delegación e non esquezamos que foi acompañante da mesa que no ano 1936, durante a campaña que presidiu os eleccións estivo ó lado de Dolores Urribarri, a mítica Pasionaria, no xa histórico mitiñ no campo de fútbol de Barreiro.


En Lavadores parece que había presenza soviética a través do escritor e político Lunarcharski, membro da for-

mación esquerdista "Adiante", dentro do partido bolxevique. Lenin noméao Comisario do Pobo de Instrucción Pública e embaixador no Estado Español da URSS en 1933.

O día 18 de abril de 1925, casa con Adelina Posada Cabaleiro e acaba vivindo en Cabral, moi preto da igrexa (a igrexa estará presente na tráxica morte do loitador) e da casa do crego así como do domicilio social do Sindicato de Agricultores Productores de Cabral. Sen medo a trabucarme, digo que non hai máis que cen metros da casa do matrimonio Amante-Adelina ás dúas obras: unha templo de oración do cristianismo e outra esperanza dos campesinos.

Amante será membro da JAC (Juventud Agraria de Cabral), esta asociación agraria nace no ano 1923 dunha excisión do Sindicato de Agricultores Productores de Cabral. Aló polos finais dos anos vinte vai esmorecendo, debido ó transvase de asociados ó Sindicato de Agricultores Productores de Cabral, unha vez rematado o proceso do reparto dos montes ós veciños. O máis significativo é o de Amante Caride no ano 1932, cando a JAC levaba tres anos disolvida, pois no ano 1929, converteuse nunha nova sociedade, a Sociedade Cultural Agraria de Cabral.

A persoa de Amante vai estar presente nas loitas á traveso do agrarismo máis dinámico da provincia. Primeiro na JAC e despois no SAPC ó que accederá á presidencia no ano 1936.



Manuel Caride, fillo de Amante será o primeiro presidente do equipo de fútbol Santa Mariña de Cabral.

Anacos da vida dun loitador (2ª parte)

Amante Caride Rodríguez 1900-1936

POR JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ ESTÉVEZ

A loita e xestión destas dúas asociacións agrarias vai ser enorme, de que digo dan fe as moitas testemuñas recollidas na prensa, comprobándose a fonda pegada que deixou o seu traballo. A loita por un mundo máis solidario levaría a moitos a morrer por defender esas ideas, entre eles Amante Caride Rodríguez.

O agrarismo de Cabral, ía estar na loita contra os foros emprendida e encabezada polo Directorio Antifloral de Teis, aló polos finais da década dos anos dez.

Os foros eran unha renda establecida sobre as terras que se pagaba anualmente, en diñeiro ou especies (millo, viño, animais...) esta carga afofaga ó labrego e impedía a modernización do agro.

Despois de moitas loitas onde incluso morreron persoas como no trágico suceso de Sobredo (Tui). Os foros remataron co Decreto Lei do 25 de xuño de 1926.

No ano 1929, con motivo do 1º de maio nun mitin celebrado en Teis, coa presenza do Sindicato de Agricultores Productores de Cabral e outras entidades agrarias afirmouase a necesidade da construción de:

“Una escuela para formar a los hombres de mañana, un coro para atraer y educar a la juventud y la cooperativa de consumo que debe mejorar y dar cabida a la cooperativa de producción”.

Amante Caride en compañía de Pepe Mariño asumirá funcións de mestre impartindo clases en horario de noite, tendo lugar na sede do Sindicato. Moitos homes e mulleres acudirán a esta escola.

“O agrarismo é a expresión dos sectores máis dinámicos e con máis capacidade de resposta e de adaptación ás novas condicións que o capitalista está a impor no mundo rural a diferentes niveis.”
Fernández Prieto, 1922

O agrarismo de Cabral é un fiel reflexo desta posición, centrando a súa actividade de compra de adobos e sementes seleccionadas, nesta actividade, sen lugar a dúbidas é a sociedade agraria máis importante do Concello de Lavadores.

A compra de semente de millo e nitrato de Chile á casa productora lograban eliminar os intermediarios que encarecían o produto.

Centran tamén de un xeito moi especial a súa actividade durante os anos 20 no proceso individualizador do monte municipal. Non hai que esquecer que a parroquia de Cabral é a que máis orientada tiña a súa gandería cara á venda no mercado de Vigo. Por todo isto cremos que se debe considerar a Sociedade Agraria de Cabral como a organización agraria que mellor que ningunha outra se basea nas permissos da:


“Autoorganización social para responder a nova preocupación e novas necesidades do campesiño, derivados das súas relacións do mercado”

Fernández Prieto
De tódolos traballos levados adiante e polo que se comproba foron moitos, mención aparte é o reparto dos montes ós veciños (Gorxal, Coto Grande, Baladas, Rans, Loureiro e Lodoso).

O Sindicato de Agricultores Productores de Cabral,



Arriba: equipo Veritas Sportig Club, o noso protagonista é o primeiro de pe pola esquerda. Abaixo: antiga Sede do Sindicato de Agricultores Productores de Cabral.



será a primeira sociedade que presente o Regulamento á corporación do Concello de Lavadores en novembro de 1926, amparándose no Real Decreto de 17 de outubro de mil novecentos vintecinco, que vai supoñer:

“A toda cabeza de familia deberá de entregársele una parcela de monte cuyo valor, para los efectos del cultivo y explotación a que se destine, será proporcional al número de hijos o personas que estén bajo su potestad” Art. 3

Este feito histórico tería os parabéns da totalidade do agrarismo e así o recollen os xornais daquel tempo.

“Ceder sus montes (del Estado e dos Concellos) al vecindario en propiedad plena o en su usufructo vitalicio a fin de que cada ciudadano cuide de su parcela y haga los siembros a plantaciones que de otro no serán hechas por noche”.

Esta afirmación está claramente relacionada coas que, por esas mesmas datas, están a facer as Sociedades Agrarias de Cabral (o Sindicato de Agricultores Productores de Cabral e a Juventud Agraria de Cabral).

Amante no eido deportivo será o precursor do deporte na súa parroquia fundando e presidindo a Veritas Sporting Club, aló polo ano 1929, reunindo no

seu seo a xente de poucos recursos económicos, pero cheos de inquecanzas. O nome do Veritas procede dunha marca da máquinas de coser alemana, non había ser casual o bautizo con tal verba, pois no latín significa verdade, xustiza.

As actividades deportivas centrábanse no fútbol, ciclismo e atletismo. Pero onde o Veritas chegou a ter unha respectable soga foi na sección de atletismo, acadando un importantísimo palmarés, estando nos anos trinta na elite do atletismo galego.

Así nos anos 1932-34 en campo a través, 1932 en 10 mil e 5 mil metros lisos, Manuel Mariño “Testas” (fuxido, quitouse a vida antes de entregarse ó fascismo) proclamábase campión galego. Máximo Carrera, en 1932-32 campión galego de 10 mil, 5 mil e 1.500 metros lisos; Alvaro Avendaño, en 1933-35, en 5 mil metros lisos e en campo a través o campión galego é José Rodríguez en 1933 o título galego de 10 mil metros lisos. O Veritas está no máis alto do atletismo galego ó conseguir infinidade de títulos.

Cabral está volcada co proxecto deportivo de Amante Caride e proba diso son as inscricións populares que fan na parroquia a fin de que os atletas asistan os campionatos estatais.

O Veritas é un club importante, recoñecido a nivel federativo, pois no ano 1935 a Federación Galega de Atletismo dálle a organiza-lo Campionato Galego de Campo a Través que se celebra en Lavadores con saída e chegada no campo de fútbol de Barreiro.

Pero o traballo agrario e deportivo viuse abaixo un días de verán cando Cabral festexaba as Festas da Patroa Santa Mariña. O exército sublevado franquista declaraba a guerra, lendo o bando nas rúas: Urzáiz, Colón e Porta do Sol, o 20 de xullo.

(o próximo número remataremos este interesante artigo)

Anacos da vida dun loitador (3ª e última parte)

Amante Caride Rodríguez (1900-1936)

POR JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ ESTÉVEZ

Los avadores defende o dereito de vivir en liberdade democrática lexitimada nas urnas o 1 de marzo de 1936, erguendo barricadas nas choróns, Calvario e Seixo; sen armas, nas escopetas caseñas, velas de caza (a República negouse arma-la xente para que non houbera unha desfeita), fixeron fronte á sublevación franquista. Caídos as barricadas dos Ghoróns e Calvario a do Seixo (alí estivo o pontearéan Manuel González Fresco) atopouse entre dous lumes; por unha banda os soldados do capitán Carreró e os falanxistas e por outra a garda civil que estívera pechada na casa-cuartel. Alí acabou todo.

"Cogidos entre dos fuegos -di un texto tes - temuña daqueles días - los defensores de la República cayeron acribillados en pocos minutos y allí terminó aquella resistencia heroica".

Da noite para mañá, xurde unha dereita apocalíptica que ata aquela non contaba, medraron axiña, multiplicándose de xentes moi diversas, algúns idealistas convencidos e moitísimos oportunistas, aproveitados, señores da burguesía local, ^{cegos}cegos activistas, xentes de malvivir que poderán facer tamén o seu negocio na desfeita non poucos amigos da vinganza persoal, etc.


As camisas azuis encárganse, desde o primeiro momento, de organiza-la represión: "paseos" pola noite, multas ós que axudaban ós fuxidos, depuración: nas vilas, aldeas e parroquias. A Falanxe de non ser máis que un cativo gromo, trocouse na organización que controlaba cada movemento, pensamento ou latexo dos cidadáns, cada favor e cada castigo, segundo convíña. Pasou a ser a máquina máis eficaz da represión franquista. Son os que pistola en man e amparándose na escuridade da noite bota os portas abaixo e levan a homes e mulleres que loitaron por vivir en paz e liberdade, aparecendo motos polas mafiñas nas gabias de Peinador, Puxeiros...

En Lavadores asinan (con premeditación, noctuidade e aleivosía) a 4.000 persoas. Unha cifra escalofriante se temos en conta que en Lavadores non houbo guerra. Pero senón bastaba dabondo a Falanxe tamén estaba alí o tenente da garda civil Francisco Rodríguez, apodado o "Rabioso", foi un dos personaxes máis significativos da represión, cruel e sádico: a tortura psicolóxica era o seu forte o "Rabioso" ameazaba de morte o seu pai cando estaba na cárcere. Cada día ía o pai e o deixaba para o día seguinte. Desta barbarie fascista non se libraría Amante.

Amante é sacado da casa a punta de pistola a noite do 14 de setembro do 36 (o día do aniversario da parroquia Don Angel Rueda non fai un mínimo xesto por evitar aquela morte anunciada. Vivían tan só a cen metros de distancia).

O "paseo" de Amante non é a Peinador Puxeiros, o Castro ou Pereiró, o levan a Monteferro e alí no monumento ó Mariñeiro Universal e mesmo diante da virxe do Carme "Salve Regina Marium" así reza a inscrición en latín (Salve Raíña dos Mares), disparan contra do bravo loitador. Con a escuridade da noite os asasinados non se decatán que Amante non está morto. Cando se atopa so o bo home vótase andar ata chegar a unha das calas que hai na faldra de Monteferro. Alí lava as feridas. Descuberto polos mariñeiros, danlle abrigo e quentura. Pero unha vez máis os achegados á Santa Nai Igrexa fan aparición, esta vez é a criada do crego de Panxón que denuncia a súa presenza.

"La iglesia bendijo la violencia ejercida por



Arriba: Augusto Alonso, neto do fundador
Esquerda: Monumento ó Mariñeiro en Monteferro

Hay quienes luchan muchos años

Y son muy buenos.

Pero hay los que luchan toda la

Vida... Esos son los imprescindibles

Bertolt Brecht

Amante para sempre

O 29 de agosto de 1995, Cabral rende homenaxe ó Veritas Sporting Club e perpetúan a súa memoria colgando mesmo no fronte da fachada da que fora sede social do Sindicato de Agricultores Productores de Cabral un monolito, obra do porriñés Candán. Podemos dicir que o Veritas foi o brazo deportivo da Asociación Agraria de Cabral.

O acto viuse realizado coa presenza de centos de persoas así como a de moitísimos campións do atletismo estatal: Augusto Alonso, Carlos Pérez, Alejandro Gómez, Ramón Magariños, Manuel Carrera, Sánchez Ferreira, Vavá...

Francisco Simón Rodríguez, o que fora secretario do Club e máis tarde profesional do exército de terra con graduación de comandante, dicía textualmente o día da homenaxe:

"Amante Caride ha sido el gran maestro del que saqué profundas enseñanzas, enseñanzas que me han sido de gran valía, tanto en la vida profesional de 50 años de servicio a la administración del Estado, como en mi vida familiar, enseñanza que inculqué a mis hijos y nietos".

Aqueles deportistas que foron moitos encheron de vida o Cabral nunha época convulsa e terrible.

No ano 1996 a Asociación de Veciños de Cabral, dedicalle o decimoquinto maratón de Cabral a Amante Caride, en recoñecemento da súa labor deportiva.

Fontes:

- Arquivo Eclesiástico de Lavadores

- Arquivo Eclesiástico de Cabral

- Información da familia de Amante Caride

- Os campestres de Lavadores. I Román Lago

- Os alcaldes e os concellos de Vigo. X.M. González Ferrández e B.M. Vázquez X.L.

- Regulamento do Sindicato de Agricultores

- Productores de Cabral

- Faro de Vigo

- Memorias dun fuxido. V. Freixanes

- Historia de Vigo. Faro de Vigo

los militares del bando rebelde y dio carácter de cruzada religiosa a una contienda que iba a salvar a la civilización cristiana.

Terminada la guerra, la iglesia no hizo un

Solo gesto a favor del perdón y la reconciliación

La iglesia se convirtió en omnipotente y

Todopoderosa. Franco sería el enviado de Dios

Al que todo el clero reverenciaba".

Julio Casanova

Cando a súa familia ten coñecemento do seu paradiroiro (parece que foi a través dun veciño da Ponte de Cabral que traballaba na estación de tranvías en A Ramallosa) cón en axiña a Baiona. As últimas verbas de Amante á familia son: Acábame de por unha inxeción.

A familia do agrarista sostén ó día de hoxe que a inxeción contiña un líquido letal.

Matan ó home, esposa e pai. Amante deixaba un cativo de dez anos e unha viúva que levaría ata o derradeiro día da súa vida a mágoa na fàciana e o laio na alma.

Os fascista queren enterra-lo corpo nun burato calquera. Esta actitude crea unha forte discusión entre a familia e os asasinados. Prevalecendo os argumentos familiares. O cadáver non o deixan trasladar a Cabral, pero é enterrado no cemiterio municipal de Baiona. Hoxe as súas cinzas están depositadas no cemiterio de Cabral.

A estratexia fascista era ben clara, querían borrar todo vestixio que tivera referencia de liberdade. Algo imposible en Lavadores, detrás de Amante e daquela xeración de loitadores democratas virían os: Braulio "Xaniño" Tito "Luruxo", Jaime, Salvador, Camilo Nogueira, Baena (fusilado en setembro de 1975), por nomear algún dos centos e centos que seguirán o exemplo de Amante Caride Rodríguez.

Hay hombres que luchan un día y son

Buenos

Hay otros que luchan un año y son

Mejores.